



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

**SERVIZO ACCION SOCIAL, CULTURAL E DEPORTES
SERVIZOS SOCIAIS
EXPEDIENTE CONVOCATORIA: 2024000023061**

**RESOLUCIÓN POLA QUE SE NOMEA O XURADO DO XI PREMIO CONCEPCIÓN ARENAL A
PROXECTOS EDUCATIVOS POLA IGUALDADE DE XÉNERO 2024**

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña

De conformidade coas Bases reguladoras do premio, publicadas no BOP número 181 do 19 de setembro de 2024, e logo de ver os informes do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes e de Fiscalización,

RESOLVO:

Primeiro.- Nomear o xurado do XI Premio Concepción Arenal a proxectos educativos pola igualdade de xénero 2024, composto polas persoas seguintes:

Preside :

Soledad Agra Tuñas, deputada delegada en Políticas de igualdade de xénero

Vogais:

- Eva Ovenza Pereira, técnica de Igualdade da Deputación da Coruña
- Martín Vázquez Añel, sociólogo con 15 anos de experiencia no ámbito do deseño e implementación de políticas públicas, especializado en xestión da igualdade e a diversidade sexual.
- Clara Rodríguez Cordeiro, doutoranda especializada en arte contemporánea, educación e xénero.

Secretaria:

Carolina Buhigas Jack, xefa da Sección de Servizos Sociais ou, no caso da súa ausencia, Teresa Queiro Suárez, xefa de negociado de Servizos Sociais.

Segundo.- Fixar os honorarios que se abonarán ás persoas do xurado de acordo co seguinte:

Número expediente	Nome e apelidos	DNI	Importe honorarios
2024000047645	MARTÍN VÁZQUEZ AÑEL	***9413**	800,00 €
2024000047646	CLARA RODRÍGUEZ CORDEIRO	***4539**	800,00 €

Terceiro.- Aprobar que as cantidades sinaladas sexan aboadas no seu momento, e despois da retención do IRPF correspondente, con cargo á partida 0611/23122/22699, fase A, operación número 220240043583, do vixente Orzamento.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.